


A esta historia fáltanlle
algunas comas e puntos.
Poderías escribilos nos
lugares axeitados?



O Cabalo de Troia



Hai moito tempo máis de dez anos os gregos e os troianos estiveron en guerra. Mantiveran encarnizados combates diante das impresionantes murallas da cidade de Troia, pero os dous exércitos eran tan parellos, que ningún deles conseguía derrotar ao contrario. Un día os principais militares gregos reuníronse para buscar unha solución a tantos anos de sufrimento.

—Teño unha idea! —dixo un dos xefes que se chamaba Ulises. —Se conseguimos facerlles crer aos troianos que nos retiramos e despois atacamos por sorpresa...

Todos estiveron coa proposta de Ulises.

O primeiro que debían facer era construír un cabalo de madeira de tamaño colosal e completamente oco por dentro. Os mellores carpinteiros traballaron durante semanas, noite e día. Cando remataron, deixárono nunha praia. Despois embarcaron nas súas naves e marcharon. Ao día seguinte pola mañá os troianos descubriron que non había ninguén nos campamentos inimigos e atoparon o impresionante cabalo abandonado polos gregos. Todos quedaron paralizados un instante. Despois pouco a pouco rodearon o cabalo.

—Que marabilla! —dixeron. Este cabalo fíxoo un auténtico artista.

—Troianos, non vos fiedes dos gregos! —berrou unha muller.

—Queremos o cabalo —comentou un vello.

—Non pode ser perigoso —dixo un mozo—. Poñámolo na praza en conmemoración da nosa vitoria sobre os gregos.

A maioría estivo de acordo e o cabalo foi levado á cidade. Unha gran festa para celebrar xuntos o final da guerra madrugada.

Á noite todos os troianos fixeron. Todos cantaron e bailaron deica a

Cando xa os troianos durmían e a cidade estaba en silencio cincuenta guerreiros gregos saíron da barriga do cabalo de madeira. Abriron as portas da muralla e acenderon un facho nunha das torres. Era o sinal pactado para que as naves gregas ocultas nunha illa próxima volvesen e atacasen a cidade. Algunhas horas despois centenas de soldados gregos andaban polas rúas de Troia incendiando todo o que atopaban ao seu paso. Os troianos apenas puideron defenderse e a gloriosa cidade de Troia foi destruída polas chamas.

Lenda grega

María Liste